

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Organismo SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES

Capítulo	
Epígrafe	(Para inserir no <i>Diario Oficial de Galicia</i>)

SUMARIO:

ORDE do 29 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 31 de decembro 2020, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (procedementos ED481B e IN606B).

TEXTO

Mediante a Orde do 31 de decembro 2020 (Diario Oficial de Galicia número 17, do 27 de xaneiro de 2021), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación convocaron as axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego.

O artigo 15.3 da dita orde indica que a data límite para a sinatura dos contratos, que se establecerá na resolución de adxudicación das axudas, será en todo caso antes do 1 de xuño de 2021, agás para as persoas non comunitarias que poderá ser ata o 31 de agosto de 2021.

Tendo en conta o volume de solicitudes presentadas e a complexidade técnica que implica a avaliación destas solicitudes, que a teñen que realizar persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego alleas aos órganos tramitadores, é necesario modificar a data de sinatura dos contratos establecendo como data límite o 1 de xullo de 2021, agás para as persoas non comunitarias que poderá ser ata o 30 de setembro de 2021. Esta modificación non supón alteración do importe global previsto na convocatoria.

En consecuencia, e no uso das atribucións que temos conferidas,

ACORDAMOS:

Artigo único. Modificación dos artigos 3.1, 15.1, 15.3 e 18.2 da Orde do 31 de decembro 2021, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, que quedan redactados como segue:

O artigo 3.1 queda redactado da seguinte maneira:

“1. Poderanse conceder ata 49 axudas (a previsión inicial é de 40 en universidades do SUG e 9 no resto de entidades beneficiarias), dun máximo de tres anos, que comezarán o 1 de xullo 2021, sen que en ningún caso poidan superar a duración máxima de tres anos e que non poderán ser obxecto de prórroga.”

No artigo 15.1 engádese un segundo parágrafo, que queda redactado da seguinte maneira:

“Ademais, xunto co escrito de aceptación da axuda, as entidades beneficiarias terán que achegar un plan de estadias axustado á nova data de comezo do contrato, no caso das persoas investigadoras cuxo plan de estadias se vexa afectado pola modificación da data de sinatura do contrato.”

O artigo 15.3 queda redactado da seguinte maneira:

“3. A data de comezo dos contratos será o 1 de xullo de 2021, agás para as persoas non comunitarias que poderá ser ata o 30 de setembro de 2021.”

No artigo 18.2 modifícanse o crédito para as anualidades de 2021, 2023 e 2024, que queda da seguinte maneira:

Entidade beneficiaria	Nº axudas	Aplicación orzamentaria	Crédito (en euros)				
			2021	2022	2023	2024	TOTAL
Universidades do SUG	40	10.20.561B.444.0	1.142.000,00	2.224.000,00	1.714.000,00	572.000,00	5.652.000,00
Demais entidades indicadas no	5	06.A2.561A.403.0	142.000,00	276.500,00	213.500,00	71.500,00	703.500,00

Entidade beneficiaria	Nº axudas	Aplicación orzamentaria	Crédito (en euros)				
			2021	2022	2023	2024	TOTAL
artigo 2.1	4	06.A2.561A.481.0	114.200,00	222.400,00	171.400,00	57.200,00	565.200,00
Total outras entidades			256.200,00	498.900,00	384.900,00	128.700,00	1.268.700,00
Total convocatoria			1.398.200,00	2.722.900,00	2.098.900,00	700.700,00	6.920.700,00

Disposición final única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día da súa notificación e publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,

29 ABR. 2021

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

P.D. (Orde do 9 de febreiro de 2021)

O Secretario Xeral Técnico



Manuel Vila López

O vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación e Presidente da Axencia Galega de Innovación



Francisco Conde López

INSÍRASE NO DOG

A secretaria xeral técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Beatriz Cuiña Barja

